

OS XÉNEROS LITERARIOS (I)

O texto narrativo literario

Unha narración é un tipo de texto que relata uns feitos ou **accións** protagonizados por uns **personaxes** nun **espazo** e **tempo** determinados.

Cando os feitos narrados, xunto cos personaxes, o espazo e o tempo, son ficción, é dicir, produto da imaxinación de alguén, considérase que a narración é literaria. Os filmes, series ou cómics constituirían tamén narracións de ficción, pero nestes casos emprégase, ademais, a linguaxe visual, as imaxes.

Os elementos característicos da narración literaria son os seguintes.

O narrador

O **narrador** é a voz que conta a historia. Non se debe confundir co escritor. Este dispón de varios tipos de narrador e escolle o que lle resulta máis adecuado para presentar os feitos.

Os tipos de narrador máis frecuentes son:

- **Narrador externo:** é un narrador que se expresa habitualmente en 3ª persoa e que non forma parte da historia que conta.
 - Cando este narrador o sabe todo sobre os personaxes (os seus pensamentos, sentimentos, pasado etc.) denomínase **narrador omnisciente**.

Fíxate no seguinte exemplo:

Marcus sentíase idiota. Estaba moi cortado. Aínda así, chamou á porta. Ninguén lle contestou desde o interior daquela casa en penumbra.

Paul JENNINGS, *Vaiche boa!* (2004)

- **Narrador interno:** é un personaxe da historia que conta os feitos en 1ª persoa. Se intervén activamente neles chamámoslle **narrador protagonista** e se permanece á marxe, relatándoos como simple espectador, é un **narrador testemuña**.

Repara agora neste exemplo:

A miña man comezou a tremer e soltei o óso. Quedeí, coma un parvo, a mirar o chan. Eu estaba descalzo e o óso caera xunto á miña deda máis pequena. Entón souben que clase de óso era... un óso que pertencera á deda de alguén. Un óso dunha deda humana.

Paul JENNINGS, *Vaiche boa!* (2004)

A estrutura

Nas narracións, literarias ou non literarias, adoitan presentarse os feitos seguindo unha orde lóxica que responde a estas tres partes:

- **Situación inicial:** correspóndese co comezo, onde se presentan os personaxes e se dá a coñecer o marco espazo-temporal no que se desenvolverá a acción.
- **Desenvolvemento da acción:** nesta parte cóntase que é o que lles acontece aos personaxes e como vai cambiando a situación inicial.
- **Situación final:** é o remate da historia, o desenlace. Nesta parte expónse como se resolve a acción e o estado en que quedan os personaxes.

O tempo

O concepto **tempo** na narración ten dous sentidos:

- **Tempo externo:** refírese á época histórica en que se sitúan os feitos. Nas narracións adoita haber marcas temporais que nos facilitan o coñecemento da época histórica: datas, referencias a feitos históricos, modo de vida, vestimenta etc.
- **Tempo interno:** refírese ao tempo transcorrido na narración (anos, meses...).

A orde cronolóxica nos feitos en moitos casos alterase para crear un salto temporal cara ao pasado ou o futuro, a partir dun momento concreto da narración:

- Cando se lembran feitos anteriores ao momento narrado, prodúcese un **flashback** ou **analepse**.
- Cando se traslada a acción ao futuro, realízase unha **prolepse** ou **anticipación**.

O espazo

O **espazo** é o lugar ou lugares onde se atopan os personaxes e acontecen os feitos. Para analízalo, debemos fixarnos nos seguintes aspectos:

- Se é real ou ficticio.
- Se é urbano ou rural.
- Se é exterior ou interior.

Os personaxes

Os **personaxes** son os seres que viven os feitos narrados. Poden clasificarse en:

- **Reais ou fantásticos:** considéranse personaxes fantásticos ou imaxinarios aqueles que non existen no mundo real (fadas, magos, elfos...).
- **Principais ou secundarios:**
 - Principais: teñen presenza constante ao longo do relato e un papel decisivo na historia. Dentro destes pódese diferenciar entre protagonista e antagonista (personaxe que se interpón para que o protagonista non consiga o seu obxectivo).
 - Secundarios: participan só nalgún momento da narración. Non debemos considerar como tales os que simplemente son citados por outros personaxes e non toman parte na acción.
- **Redondos ou planos** os personaxes considéranse redondos cando mostran actitudes complexas ou cando observamos unha evolución na súa personalidade ao longo da narración. Os personaxes planos manifestan actitudes simples, non evolucionan psicolóxicamente; son máis ben arquetipos (o bo, o vingativo...).

OS XÉNEROS LITERARIOS (II)

O texto poético

Como xa sabes, o texto poético presenta unha serie de características na súa forma (versos, medida, estrofas, rima) que o diferencian respecto a outro tipo de textos. Ademais, os poemas caracterízanse polo uso dunha lingua adornada con recursos estilísticos como a metáfora, que xa coñeces, a comparación, a antítese...

Temáticas

En liñas xerais, podemos clasificar os poemas, segundo o **tema** que traten, en catro grandes grupos:

- **Poesía intimista.** É aquela na que a voz poética afonda nas súas emocións vitais e sentimentos, na procura de coñecemento sobre si mesma ou sobre o ser humano. Os motivos nos que se centra a poesía intimista son o amor (ou o desamor); a felicidade, provocada por diferentes causas; a morte, en canto ao falecemento dun ser querido ou como fin irremediable do ser humano; a percepción, conforme cumprimos anos, de que o tempo pasa con rapidez e de que a vida é breve; a soidade que pode sentir unha persoa ao longo da súa existencia; a saudade provocada pola perda de algo; a nostalxia da infancia como etapa de felicidade...
- **Poesía cívica ou social.** A protesta e a denuncia perante as inxustizas sociais e os abusos do poder son o eixe fundamental desta poesía, como podes comprobar nos versos seguintes:

O lóxico

Unha de dúas:
se é certo
que cada minuto
morren de fame
cen persoas no mundo,
entón é falso
aquelo de que en todas partes
se cocen fabas.

Celso Emilio FERREIRO, *Cemiterio privado* (1973)



Ademais do tema tratado nestes versos, que é o reparto desigual da riqueza no mundo, os poemas cívicos galegos adoitan abordar cuestións como a denuncia dos problemas de Galicia, a reivindicación da nosa lingua, a protesta ante as desigualdades sociais (clases, xénero...), o rexeitamento da violencia como solución aos conflitos...

- **Poesía paisaxística.** A voz poética ofrécenos a visión persoal dunha paisaxe (unha rúa, o mar...) que a emociona pola súa beleza ou polos sentimentos e lembranzas que espertan nela. Fíxate neste exemplo:

Terra Chá

A Terra Chá somentes é:
un pobo aquí, outro acolá,
mil arbres, monte raso,
un ceo chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
O resto é soedá.

Manuel María, *Terra Chá* (1954)

- **Poesía costumista.** En moitos poemas costumistas a voz poética é a dun personaxe popular que nos describe un costume, un labor, unha celebración ou unha crenza tradicionais, é dicir, representativos da cultura popular. Le o comezo do poema «A leiteira», escrito por Francisco Añón no século XIX:

Érgome ao abrir do día,
inda alumea o luceiro,
e en chegando a algún regueiro,
bautizo con auga fría
o leite do meu pucheiro,
porque mellor aproveite.
Quen merca o leite?
(...)

Cando eu entro pola vila
todos inda están na cama
en doce calma tranquila.
Quen do sono os espabila?
Eu que vou chama que chama
ata que alguén se endereite.
Quen merca o leite?

Francisco AÑÓN (1886)

Recursos estilísticos

Os poetas conseguen chamar a atención dos lectores sobre o texto mediante uns procedementos chamados **recursos estilísticos**. Con estes procedementos, propios da linguaxe literaria, crean certas impresións sensoriais, rítmicas ou mentais que constitúen un reto para o lector, pois este ten que descifralas para gozar plenamente da beleza do poema.

Recursos estilísticos fónicos

Aliteración

Repetición dun mesmo son nun ou en varios versos.

Pende en que **pende**
Penélope **pensativa**

Álvaro CUNQUEIRO, *Herba aquí e acolá* (1980)

Recursos estilísticos rítmicos

Anáfora

Repetición dunha ou varias palabras ao comezo dos versos.

Por **amor** nacín da terra.
Por **amor** son o que son.
Por **amor** canto o meu canto,
por amor.

Darío X. CABANA, «Cantigas do setenta».
En: Fran ALONSO, *Poetízate* (2006)

Xeminatio

Repetición dunha ou varias palabras seguidas.

Cando vos oio tocar
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Rosalía de CASTRO, *Cantares gallegos*
(1863)

Recursos estilísticos semánticos (relacionados co significado)

Antítese

Emprego de termos de significado contrario para destacar máis un deles pola oposición ao outro.

Agora cabelos **negros**,
máis tarde cabelos **brancos**.

Rosalía de CASTRO, *Follas Novas* (1880)

Epíteto

É un adxectivo, normalmente anteposto, que destaca unha calidade que xa é propia do substantivo.

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras.

Rosalía de CASTRO, *Follas Novas* (1880)

Hipérbole

Esaxeración que pretende provocar unha emoción ou a burla.

Cando Eduardo Pondal
a unha ventana se asoma,
sal narís, narís, narís,
e a cara **de alí a unha hora**.

Eduardo PONDAL, *Queixumes dos pinos* (1886)

Metáfora

Asociación entre dúas realidades (A e B) que gardan semellanza, feita de maneira que se produce unha identificación entre elas.

A metáfora é impura cando aparecen citadas as dúas realidades no poema, A e B.

A metáfora é pura cando B substitúe a A.

Metáfora impura:

A noite (A) é lágrima inmensa de sombra (B)
que escorre sobre a campía. (A é B)

A noite, lágrima inmensa de sombra
que escorre sobre a campía. (A, B)

A lágrima inmensa de sombra da noite. (B de A)

Metáfora pura:

A lágrima inmensa de sombra
escorre sobre a campía. (só B)

Aquilino I. ALVARIÑO, *Corazón ao vento* (1933)

Metonimia

Substituír un elemento por outro co que se relaciona por proximidade (continente polo contido, instrumento por quen o usa, lugar polo produto, autor pola obra...).

Aquí che deixo, meu **peito** canso,
aquí che deixo,
aquí che deixo neste branco papel trillado,
neste percurado das horas.

María MARINO, *Verba que comeza* (1990)

Personificación

Atribuír características propias de seres animados ou humanos a elementos que non o son.

Laiábanse as follas murchas
embaixo do meu trepar.

Eduardo BLANCO AMOR, *Romances galegos* (1928)

Símil ou comparación

Asociación de dous termos que gardan algunha semellanza.

Soa o mar coma un pandeiro
nos cons da costa baruda.

Amado CARBALLO, *Proel* (1924)

OS XÉNEROS LITERARIOS (III)

O texto teatral

Tal e como estudamos o curso pasado, a finalidade do teatro é a representación; mentres que os outros xéneros literarios están, basicamente, pensados para a súa lectura. Isto quere dicir que, para gozarmos da obra dramática na súa plenitude, debemos asistir á representación teatral na cal actores e actrices dan vida aos personaxes.

Tendo conta que o teatro inclúe texto e representación, se queremos analizar ou levar á escena unha obra teatral deberemos ter en conta os seguintes aspectos:

- O **tema**: é a idea principal que se trata na obra; en *Romeo e Xulieta*, de Shakespeare, resáltase o enfrontamento entre dúas familias, así como as súas fatais consecuencias.
- A **trama** ou o **argumento**: é a sucesión das accións provocadas polos conflictos causados nas relacións entre os personaxes. A estrutura máis clásica da trama, como a da narración, é: situación inicial, nó e desenlace.

A trama preséntase dividida en actos, tamén chamados *xornadas* ou *lances*, e escenas. Un **acto** é unha unidade na que a trama se desenvolve de maneira continua no tempo; cando hai un corte temporal de duración variable pásase ao seguinte acto. Os actos están constituídos por varias escenas. Polo tanto, a **escena** é unha unidade menor que o acto, que se caracteriza porque nela aparecen os mesmos personaxes. A entrada ou saída dun personaxe do escenario provoca un cambio de escena.

- O **conflicto**: enténdese por conflito o desacordo ou enfrontamento entre personaxes contrarios que teñen distintas formas de entender o mundo ou diferentes actitudes ante unha mesma situación. Na citada obra de Shakespeare, o conflito familiar desencadéase entre pais e fillos que teñen distintas formas de entender o mundo.
- Os **personaxes** e a súa caracterización. Os personaxes son cada un dos seres (humanos, sobrenaturais, simbólicos, animais...) ou mesmo dos obxectos que interveñen nas accións da trama teatral. O personaxe é o principal elemento dramático, ata tal punto que sen conflito nin personaxes non hai teatro. É a figura a través da cal o autor nos transmite a súa mensaxe.

Como xa sabes, o texto teatral está formado polos **diálogos** e as **indicacións** do dramaturgo para a representación da obra. Nelas dáse información de como son os personaxes (idade, condición social, trazos físicos e psicolóxicos...) e que emocións deben manifestar. Tamén se especifica cando os personaxes deben facer as súas entradas e saídas do escenario, como debe ser a escenografía e que cambios de espazo se producen, ou canto tempo transcorre entre as escenas e os actos.